

BASES REGULADORAS DE AXUDAS ECONÓMICAS A FAMILIAS CON MENORES MATRICULADOS NUN CENTRO DE ATENCIÓN A INFANCIA DO CONCELLO DE FERROL

ARTIGO 1.- OBXECTO

Co obxecto de axudar ás familias cunhas condicións socioeconómicas máis desfavorables para afrontar os gastos derivados da necesidade de conciliar a súa vida laboral e familiar, o Concello de Ferrol convoca as “axudas ás familias para conciliar a vida laboral e familiar” a través dunha axuda para a atención a primeira infancia en centros de atención á infancia acreditados no termo municipal de Ferrol.

ARTIGO 2.- BENEFICIARIOS/AS

Unidades familiares con menores de idades comprendidas entre os 4 meses e os 3 anos que, carecendo de medios económicos suficientes, necesiten conciliar a súa vida familiar e laboral e teñan unha das situacións establecidas como requisitos.

ARTIGO 3.- REQUISITOS

1.- Ter residencia efectiva e estar empadroadado no Concello de Ferrol polo menos durante o ano inmediatamente anterior á formulación da solicitude.

Quedan eximidas do cumprimento deste requisito dun ano: as mulleres que se atopen na Casa de Acollida para vítimas de violencia de xénero do Concello de Ferrol ou as vítimas de violencia de xénero que cambien o seu enderezo por motivos de seguridade.

2.- Que non conten con recursos económicos suficientes para afrontar o gasto da axuda solicitada. Considérase que non dispoñen de tales recursos cando a suma total dos ingresos da unidade familiar non superen os baremos establecidos en cada unha das modalidades recollidas nas presentes Bases, que toma como referente o salario mínimo interprofesional (SMI) vixente.

3.- No caso de que consten redimentos de capital na declaración da renda de todos os membros da unidade familiar maiores de 18 anos, ou no seu caso no certificado negativo do IRPF, deberá acreditarse mediante extracto bancario o importe de dito capital, que non poderá superar os 3.000 euros.

ARTIGO 4.- DOCUMENTACIÓN

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do CIF/NIE/Pasaporte da persoa solicitante.
- b) Fotocopia do libro de familia completo/s.
- c) Fotocopia da matrícula do/a menor.

d) Xustificante dos ingresos económicos de cada un dos membros da unidade familiar:

- Pensionistas: documento acreditativo da pensión que recibe
- Traballadores por conta allea: fotocopia das tres últimas nóminas.
- Traballadores/as autónomos/as: última liquidación trimestral do IRPF
- Desempregados: fotocopia da tarxeta de demandante de emprego e período de cobertura ou pensión correspondente do INSS ou da pensión non contributiva ou calquera outra prestación (RISGA, prestación por ser vítima de violencia de xénero....)
- Estudantes maiores de 16 anos: xustificante ou matrícula de estudos.

e) Domiciliación bancaria para o aboamento da contía concedida.

f) Autorización expresa do/a solicitante e de outros membros que compoñan a unidade familiar ou de convivencia, maiores de idade, para recabar a información a:

- Padrón Municipal de Habitantes, en relación aos datos de convivencia da unidade familiar (ANEXO IV).
- Axencia Estatal da Administración Tributaria, en relación aos datos de carácter tributario (ANEXO IV).

g) En caso de separación ou divorcio, setenza e convenio regulador ou xustificación da situación mediante a presentación da correspondente demanda xudicial. Se o/a solicitante non percibe a pensión alimenticia fixada en resolución xudicial, acompañará xustificación documental de ter formulada a correspondente demanda/denuncia por incumprimento do obrigado a prestalos.

Se non houberse convenio regulador, calquera documento que acredite que o proxenitor/a a quen corresponda, cumpre coa súa obriga no relativo á pensión alimenticia. No caso de que o/a solicitante non perciba pensión alimenticia para os/as menores, acompañarase a reclamación correspondente.

h) Declaración responsable das axudas económicas percibidas ou non doutras administración públicas ou entidades privadas polo mesmo concepto (ANEXO II).

i) Declaración xurada de que está ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Ferrol (ANEXO III)

j) Calquera outra documentación que o Concello de Ferrol estime precisa para a resolución da solicitude presentada.

ARTIGO 5.- CRITERIO DE VALORACIÓN

5.1.- As solicitudes valoraranse tendo en conta o seguinte criterio económico:

No baremo económico terase en conta o 1,5 veces o SMI (salario mínimo interprofesional), incrementando un 10% por cada novo membro e cun límite de 1.412,38 euros, segundo o seguinte baremo:

Nº. de membros da unidade familiar	Contía mensual	Puntos
2	1.061,14 euros	10
3	1.167,25 euros	15
4	1.283,98 euros	20
5 ou máis membros	1.412,38 euros	25

Non serán tidos en conta os ingresos familiares para aquelas mulleres que se atopen na Casa de Acollida para vítimas de violencia de xénero do Concello de Ferrol, que se lles dará polo tanto a puntuación máxima de 25 puntos.

5.2.- Cálculo dos ingresos familiares: Os ingresos familiares calcularanse por agregación das retribucións de cada un dos membros maiores de 18 anos que formen parte da unidade familiar, que obteñan ingresos de calquera natureza.

Considérase unidade de convivencia independente, o conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e estean vinculadas co/a solicitante por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por adopción ou acollemento ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o terceiro e segundo grao respectivamente (Anexo V)

5.3.-A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que a determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

5.5.-No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos inclúiranse dentro do cómputo da renda familiar.

5.6.-Nos supostos en que o solicitante da axuda sexa un menor en situación de acollemento, será de aplicación á familia de acollida o disposto nos parágrafos anteriores.

ARTIGO 6.- CONTÍAS

A contía concedida farase en función da puntuación obtida segundo o criterio económico:

PUNTUACIÓN	CONTÍA CONCEDIDA
25 puntos	70
20 puntos	60
15 puntos	50
10 puntos	40

ARTIGO 7.- ORZAMENTO

O crédito total destinado á concesión de axudas ás familias para a conciliación da vida laboral e familiar ascende a 18.000 € para o ano 2018. Este importe irá con cargo á aplicación orzamentaria 04001 2317 48000 do orzamento da Concellería de Benestar Social, RC 21814617, ref. 1616.

Sempre que houberse dispoñibilidade orzamentaria e o número de solicitudes así o demandase, a contía antes indicada, poderá ser incrementada.

ARTIGO 8.- SOLICITUDES

As solicitudes para tomar parte nesta convocatoria deberán presentarse en impreso oficial (ANEXO I) no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015.

O prazo para presentar as solicitudes contidas nas presentes Bases, será de 10 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria destas bases no Boletín Oficial da provincia, publicación que se levará a cabo a través da base nacional de subvencións (BDNS) de conformidade co previsto nos artigos 17.3b) e 20.8a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

ARTIGO 9.- RESOLUCIÓN

Será competencia da concelleira delegada Titular da Área de Mocidade, Benestar Social, Igualdade e Muller a resolución das solicitudes presentadas ao abeiro das presentes Bases.

ARTIGO 10.- ABOAMENTO DAS AXUDAS

Unha vez resoltas as solicitudes presentadas, o Departamento de Benestar Social do Concello de Ferrol realizará o aboamento da cuotas presentadas polas unidades familiares ao longo do ano 2018.

O prazo máximo para presentar a xustificación é ata o 15 de decembro de 2018.

O/A solicitante desta axuda para o abomento das correspondentes cuotas, terá que presentar os seguintes documentos:

- 1) O xustificante de ter aboado os meses correspondentes a cada trimestre.
- 2) Declaración de axudas.
- 3) Declaración de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e da seguridade social, non ser debedor en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro e de non ter ningunha débeda pedente.

Dita documentación entregárase no Rexistro Xeral Municipal, dirixido ao Departamento de Benestar Social.

A contía da axuda non pode ser superior o custe total da praza.

Os aboamentos trimestrais realizaranse mediante transferencia bancaria ao número de conta facilitado no momento de presentar a solicitude.

Causar baixa na escola infantil, conleva a baixa automática desta axuda.

ARTIGO 11.- FINALIDADE DA AXUDA

Os/as beneficiarios das axudas están obrigados a destinar a axuda finalidade para a que se concede, podendo o Concello solicitarlle que acredite ante a entidade concedente o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión da axuda. Estas axudas son incompatibles con calquera outra que teña a mesma finalidade ou para a mesma finalidade que puideran recibirse doutras entidades ou persoas públicas ou privadas. Polo tanto, as/os beneficiarias/os das axudas deberán comunicarlle ao Concello de Ferrol, a obtención doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade. O Concello poderá esixir a devolución da axuda se ten coñecemento de que a/o beneficiaria/o obtivo outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade.

ARTIGO 12.- PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal (LOPD), infórmase que os datos suministrados nos formularios que se presenten a esta convocatoria poden pasar a formar parte dun ficheiro automatizado de titularidade do Concello de Ferrol, cuxa finalidade é a xestión da convocatoria para a que se presenta esta solicitude. O responsable dos datos recollidos será a Concellaría de Benestar Social, con enderezo en Praza de Armas, s/n. 15402 Ferrol. O Concello de Ferrol e a Concellaría de Benestar Social comprométense a adoptar as medidas de seguridade que correspondan en cumprimento do establecido na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. O/A interesado/a poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, entregando o formulario disposto para tal finalidade no Rexistro de Entrada Municipal.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As solicitudes presentadas ao abeiro das anteriores convocatorias tramitaranse segundo as presentes Bases, para o que se requirirá a documentación necesaria.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Quedan derogadas as Bases aprobadas mediante Resolución da Xunta de Goberno Local de data 24 de febreiro de 2015.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes Bases, entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Ferrol,

A concelleira delegada da Área de Mocidade, Benestar Social,
Igualdade e Muller

Saínza Ruiz Ferreño

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA ECONÓMICA A FAMILIAS CON MENORES MATRICULADOS NUNHA ESCOLA INFANTÍL

NOME	
APELIDOS	
D.N.I	
DIRECCIÓN	
LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONO	
MÓBIL	
CORREO ELECTRÓNICO	

DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- 1.- Fotocopia do D.N.I da persoa solicitante
- 2.- Fotocopia do Libro de Familia.
- 3.- Certificado de empadramento (será solicitado de oficio polo Departamento de Benestar Social)
- 4.-Matrícula da Escola Infantil pública ou concertada ubicada no ámbito territorial do Concello de Ferrol
- 5.- Certificado da conta bancaria no que consten os 20 díxitos do número de conta donde se quere que se realice a transferencia bancaria.
- 6.- Declaración de axudas
- 7.- Declaración de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e da seguridade social, non ser debedor en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro e de non ter ningunha débeda pedente

PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de carácter Persoal, infórmase que os datos persoais recollidos nesta solicitude, incorporaranse a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei, mediante un escrito dirixido á Concellería de Benestar Social do Concello de Ferrol.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE

Ferrol, de do 20

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

ANEXO II

DECLARACIÓN DE AXUDAS

Don/dona

DNI

En calidade de pai/nai/tutor/tutora do menor/es :

Apelidos e nome dos menores:

DECLARO QUE:

Non se reciben axudas para a mesma finalidade de ningunha administración pública, nin entidade pública ou privada.

Ferrol,

Sinatura do/a interesado/a

ANEXO III

DECLARACIÓN DE NON TER DÉBEDAS

Don/dona

DNI

DECLARA QUE:

Figura ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social, non ser debedor en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro e de non ter ningunha débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración Local.

Ferrol,

Sinatura do/a interesado/a

ANEXO IV

1.- AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE FERROL SOLICITE E OBTENGA DATOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF)

2.- AUTORIZO O ACCESO AOS DATOS DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES.

A) DATOS DA PERSOA SOLICITANTE QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

B) DATOS DOUTROS MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES

RELACIÓN CON SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

Ferrol,

ANEXO V

GRAOS DE CONSANGUINIDADE

Primer grao de consanguinidade

Pais/nais

Fillos/as

Segundo grao de consanguinidade

Avó/avoa

Irmáns/ás

Netos/as

Terceiro grao de consanguinidade

Tíos/as

Sobriños/as

GRAOS DE AFINIDADE

Primer grao de afinidade

Pai/nai do/a cónxuxe

Fillos/as do/a cónxuxe

Segundo grao de afinidade

Avó/avoa do/a cónxuxe

Irmán/ás do/a cónxuxe